.Individualización e socialización: cada neno e nena é un ser único e diferente, ten un modo particular de sentir e actuar; por iso a nosa planificación ten que estar supeditada ao tipo de alumnado ao que vai dirixida, así coma aos diferentes ritmos de maduración e estilos de aprendizaxe. Isto non entra en contradición co proceso de socialización, a pesares do egocentrismo destas idades, o noso alumnado é sociable, coopera co adulto, vaise adaptando progresivamente ás normas e amosa un crecente desexo de xogar cos iguais. Por esta razón, nas nosas aulas, fomentárase un clima participativo a través de asembleas diarias, preguntas abertas, xogo e traballo en recantos (imprescindible nestas idades, tanto pola cantidade de coñecementos sobre o medio físico que lles proporciona, como polo papel primordial que desempeña no proceso de socialización).

Estes principios metodolóxicos teñen a súa concreción nas rutinas como situacións de aprendizaxe, no traballo por proxectos, na planificación de secuencias didácticas, na organización do espazo en recantos e na organización do tempo.

-AS RUTINAS COMO SITUACIÓNS DE APRENDIZAXE:

En base a algúns dos principios metodolóxicos aos que nos acabamos de referir (globalización, aprendizaxe significativa, actividade e socialización), concíbese as rutinas diarias como un instrumento de aprendizaxe co que trataremos de que o alumnado, cada día, explore unha nova parcela e deste xeito avance e afonde nos seus coñecementos; o que propiciará, por unha banda, interpretacións cada vez máis axustadas da realidade na que vive e, pola outra, o desenvolvemento de competencias clave.

Dado que as rutinas son actividades que se realizan a diario, cando pasa un certo tempo, é fácil que a meirande parte do grupo se enfrente a elas dun xeito mecánico; a partires deste momento non se poden considerar situacións de aprendizaxe. Para que isto non ocorra, aproveitaremos estes momentos para plantexar preguntas ao alumnado que o leven a reflexionar, relacionar, deducir...; intentaremos que a maior parte do tempo e esforzo que lles dedicamos se concentren en construír novas aprendizaxes acerca do sistema alfabético, de numeración, organización do tempo...

Como norma xeral, diariamente e en 4º de infantil realizaranse as seguintes RUTINAS DIARIAS:

- .Elección de encargado ou encargada na lista do alumnado
- .Pasar lista e rexistro de asistencia.
- .Localización no calendario do día en que nos atopamos.
- .Lectura e colocación da data no panel.
- .Observación e rexistro do tempo atmosférico.
- .Elección de recantos.
- .Reparto de materiais.

Para o desenvolvemento destas rutinas, cada aula contará con diferentes paneis, fotos, nomes, números e outros materiais que permitan ao alumnado rexistrar os resultados das súas observacións e reflexións de xeito autónomo. A mestra actuará como mediadora, plantexando preguntas que inviten á reflexión e fomentando a colaboración do resto do grupo co encargado ou encargada, propiciando así a aprendizaxe cooperativa.

-TRABALLO POR PROXECTOS:

O traballo por proxectos permíte:

- .Partir das ideas e intereses do alumnado, confrontalas entre si e contrastalas con outras informacións para que se fagan conscientes de cales eran axustadas e cales deben ser modificadas.
- .Manexar diversas e variadas fontes de información xa que esta non está predeterminada de antemán.
- .Desenvolver estratexias de búsqueda e tratamento da información que lles axuden a pensar por si mesmos.
- .Relacionar diferentes contidos en torno a problemas ou hipóteses que facilitan ao alumnado a construción dos seus coñecementos.
- .Transformar a información procedente dos diferentes saberes disciplinares en coñecemento propio.
- .Respectar as características do grupo favorecendo a aprendizaxe entre iguais e dende a diversidade.
- .Que o alumnado se faga consciente do seu proceso de aprendizaxe, a medida que se van desenvolvendo as diferentes fases e actividades que hai que desenvolver para levar a cabo o proxecto.
- .Elaboración de produtos finais nos que se recolla a síntese das aprendizaxes levadas a cabo.
- .Que o ensinante actúe como condutor do proceso de aprendizaxe e non como transmisor de coñecemento.

Fases de desenvolvemento:

- Comunicación de ideas previas ou avaliación inicial: que sabemos?, que queremos saber?
- Planificación do desenvolvemento mediante a elaboración do guión.
- Búsqueda de fontes de información e tratamento da mesma.
- Organización do traballo: programación, pautas de colaboración.
- Desenvolvemento, realización e avaliación do proxecto.

-Síntese do proxecto ou produto final.

Obxectivos xerais do traballo por proxectos:

- Progresar cara a obxectividade: dar razóns ou saber argumentar para a elección dun proxecto.
 - Respectar e valorar as opinións, puntos de vista, interpretacións... dos iguais.
 - Desenvolver a capacidade de plantexar preguntas.
 - Aprender a moverse na biblioteca escolar e utilizala con frecuencia dende os primeiros anos.
 - Manexar as distintas fontes de información que nos ofrece a sociedade en que vivimos.
 - Identificar ás persoas e o mundo que nos rodean como unha fonte de información a ter moi en conta.
 - Sentirse membro dun grupo, aceptando e asumindo as responsabilidades asignadas.
- Aprender a diferenciar entre niveis de coñecemento: o da fantasía e o da realidade.
- Coñecer e practicar formas de sistematización da información, distinguindo o importante do anecdótico.
 - Traballar un tema en profundidade, valorando as aportacións de tódolos membros do grupo.
 - Aprender a resolver preguntas ou problemas plantexados a partires da información manexada.
 - Iniciarse no coñecementos do vocabulario culto/científico a partir da construción de definicións de obxectos e feitos, tendo en conta os seus atributos e funcións.

Contidos xerais do traballo por proxectos:

- .Diálogo entre os membros do grupo.
- .Búsqueda de argumentos válidos cos que sustentar as propostas ou respostas que se dan.
- .Anticipación das estratexias a seguir para o desenvolvemento do proxecto.
- .Organización e distribución de tarefas entre os membros do grupo.
- .Asunción da observación, descrición e análise como procedementos básicos do traballo de aula.
- .Realización de clasificacións e ordenacións con diversos criterios.
- .Utilización e manipulación de obxectos de xeito convencional e orixinal.
- .Xeneralización dalgún dos conceptos traballados.
- .Interese por acadar unha actitude dialogante: levantar a man, escoitar ao que fala, centrarse no diálogo.
- .Defensa dos propios dereitos e opinións e respecto polos dos demais.
- .Toma de conciencia das diferentes formas de aprender a realidade (do que vemos, dos demais, da información que chega...)
- .Valorar a importancia do traballo en equipo (entre todos xorden máis ideas).
- .Interese por aceptar pequenas responsabilidades e asumilas.
- .Gusto e curiosidade pola exploración de obxectos.
- .Concienciación de que ninguén o sabe todo, dudar é bo, dos erros tamén se aprende e rectificar é de sabios.

Tanto os obxectivos coma os contidos aos que nos acabamos de referir son xerais e comúns para todos os proxectos; na planificación de cada proxecto concretaranse de xeito máis específico, en relación coa temática do proxecto, os obxectivos e contidos que se abordarán con respecto a cada unha das áreas.

Tamén os proxectos poden xurdir na aula dun suceso ocorrido na contorna, no mundo en xeral, nunha familia ou na propia aula.

-Lectura, escritura e aproximación á literatura:

Este proceso de aprendizaxe abordámolo dende un enfoque constructivista baseado nas investigacións, estudos e traballos de Emilia Ferreiro e Ana Teberosky, sobre a psicoxénese da escritura; a nosa intervención como mestras irá dirixida a plantexar actividades abertas, que propicien no noso alumnado o paso dunhas etapas a outras máis evolucionadas. Concibimos a lectura como a capacidade para interpretar textos e a escritura como a capacidade de producir textos, isto implica que se debe de aprender a ler lendo e a escribir escribindo. En aplicación do paradigma aprender facendo, ofreceremos ao alumnado de 4º de EI a posibilidade de achegarse a calquera tipo de texto de uso cotiá antes de que sexa capaz de ler e escribir de xeito convencional: poden explicitar as ideas previas que teñen antes de chegar á escola, formular hipóteses sobre o que está escrito, a funcionalidade, analizar un texto dende a súa perspectiva infantil e incluso producir textos sinxelos en función das súas capacidades e da etapa na que se atopan . En base a esta concepción, deseñaranse varias secuencias didácticas para traballar o nome propio e os distintos tipos de textos.

- 3 anos: nome propio, contos e receitas de cociña. O traballo contemplado para este nivel é basicamente de achegamento aos textos mencionados, polo que deberá ser retomado e ampliado nos niveis superiores. As actividades de análise e produción estarán centradas nas listaxes (de nomes propios, de personaxes de contos, de ingredientes...).

- Esta distribución será flexible, o que significa que en calquera dos niveis aproveitaranse as oportunidades que a vida diaria nos brinde para traballar calquera texto enumerativo, literario, informativo, expositivo ou prescriptivo.

-Filosofía para nenos e nenas "Xogar a Pensar":

Ten as súas raíces no proxecto educativo JUGAR A PENSAR, creado por Irene de Puig e Angélica Sátiro, especificamente para a etapa de EI, tomando como referente o currículo educativo Philosophy for children do filósofo Matew Lipman. Esta proposta ten como obxectivo traballar e reforzar as distintas habilidades de pensamento na escola (observar, adiviñar, formular hipótesis, averiguar, comparar, imaxinar...) a través de actividades con contos, xogos e arte, empregando como ferramenta básica a FALA, o diálogo entre os nenos e nenas, no que o mestreiro mestra actúa como conductor e estimulador do pensamento, xa que nun primeiro momento é o que formula as preguntas clave.

Estas preguntas deberán ser o suficientemente abertas para que, por unha banda, movan á reflexión e, pola outra, sirvan de modelo para que os nenos vaian aprendendo -pouco a pouco- a formular preguntas coherentes e interesantes para os demais o que, sen dúbida, contribuirá a enriquecer as sesións.

Cando falamos de filosofía para nenos non nos estamos referindo a formar pequenos filósofos (ensinar sobre o pensar) senon a plantexarlles preguntas e actividades que contribúan a que sexan mellores persoas e mellores cidadanos:

.Pensar e falar razoablemente.

.Argumentar as súas afirmacións.

.Considerar distintas perspectivas

.Convertirse en seres máis reflexivos e atentos ao discurso dos demais.

Todo isto axudaralles a enfrentarse aos problemas da vida cotiá e a atoparlles solucións de xeito autónomo. Coas actividades plantexadas pretendemos traballar o pensamento en relación coa linguaxe e co mundo, de xeito que exerciten as distintas habilidades para construír a súa propia identidade.

O programa consta dun LIBRO DE RECURSOS para o profesor e un LIBRO DE CONTOS para ler aos alumnos e alumnas no que aparecen contos populares europeos e brasileiros. Da posta en práctica encargarase a profesora de apoio coa colaboración da titora de cada grupo.

INICIO DAS SESIÓNS

.No nivel de 4º de EI anos, a partires do 2º trimestre, xa que consideramos que o grupo necesita adquirir uns hábitos e normas básicos antes de abordar este traballo.

.O día que decidimos empezar, aparece a mascota na aula a proponlles xogar a pensar; no momento en que aceptan xa se desenvolve a primeira sesión, que consiste en buscar entre todos un nome.

.Igual que noutros xogos establecemos unhas regras ou normas para xogar a pensar. O xeito de establecelas varía en función da idade do grupo. Cando empezamos en 3 anos, é a mascota a que establece tres ou catro básicas:

.Sentarémonos en círculo

.Cando queiras falar, levanta a man.

.Escoita aos demais con atención.

.Pensa o que vas dicir antes de falar

.O resto valse consensuando a medida que van sendo necesarias. Según van xurdindo, ímolos recollendo nun cartel para lembralas sempre ao inicio das sesións e deste xeito ilas asumindo pouco a pouco.

Ademais de establecer unhas normas, tamén tratamos de crear un ambiente especial que nos axude a prepararnos para empezar: decidimos onde nos queremos sentar e como; a mascota anuncia que día vai a vir e en que momento, e incluso pode establecer un sinal para que todos e todas sepamos que chegou: facer soar unha campaiña, apagar as luces...

HORARIO: Faremos unha sesión semanal. A duración da sesión será 25 minutos.

-Traballo cooperativo:

A única maneira de atender xuntos nunha mesma aula a alumnos diferentes, tal como esixe a opción por unha escola inclusiva, é introducir nela unha estrutura de aprendizaxe cooperativa, en detrimento dunha estrutura individualista ou competitiva.

A partir da definición de aprendizaxe cooperativa de Johnson, Johnson e Holubec, (1999) e tendo en conta as achegas de Spencer Kagan (1999) a aprendizaxe cooperativa é o uso didáctico de equipos reducidos de alumnos, xeralmente de composición heteroxénea en rendemento e capacidade, aínda que ocasionalmente poden ser máis homoxéneos, utilizando unha estrutura da actividade tal que asegure ao máximo a participación equitativa (para que todos os membros do equipo teñan as mesmas oportunidades de participar) e potencie ao máximo a interacción simultánea entre eles, coa finalidade de que todos os membros dun equipo aprendan os contidos propostos, cada un ata o máximo das súas posibilidades e aprendan, ademais, a traballar en equipo.

Xeralmente os equipos de aprendizaxe cooperativa están formados por catro alumnos, máximo cinco. A composición dos equipos debe de ser heteroxénea (en xénero, etnia, intereses, capacidades, motivación, rendemento,

autonomía...).

En certo xeito, cada equipo debe reproducir as características de todo o grupo clase.

Antes de introducir a aprendizaxe cooperativa, deberemos preparar minimamente ao grupo, e ir creando, aos poucos, un clima favorable á cooperación, a axuda mutua, a solidariedade... Trátase de incrementar, paulatinamente, a conciencia de grupo, no sentido de que entre todos conforman unha pequena comunidade de aprendizaxe. Trátase, en definitiva, de programar unha serie de dinámicas de grupo.

Algunhas dinámicas de grupo para favorecer a interrelación, o coñecemento mutuo e a distensión dentro do grupo que traballaremos en 4º de El son: A pelota, A tea de araña, A maleta, Quebracabezas de adiviñas,...

Estruturas cooperativas básicas. Denominámolas así porque trátase de estruturas que se poden utilizar para distintas finalidades nos diferentes momentos ou secuencias do proxecto. As estruturas que máis utilizamos en El son: folio xiratorio e lapis ao centro.

Por último, cada equipo terá unha carpeta cun plan de equipo no que rexistrará os seguimentos e a avaliación do que fixeron.

- Organización do espazo:

As nosas aulas, dende hai anos, están organizadas en RECANTOS, respondendo deste xeito as necesidades do alumnado (autonomía, socialización, fisiolóxicas, xogo, movemento, afectividade, expresión, experimentación, descubrimento, etc.).

A distribución do espazo e a organización de mobiliario e materiais fíxose en base aos seguintes CRITERIOS:

- .Debe favorecer situacións de interrelación diferentes: gran grupo, pequeno grupo, actividade individual, grupo de nenos, nenas e adultos.

- .Debe permitir ao alumnado desprazarse con facilidade, sen caer na sobreprotección, favorecendo o desenvolvemento da súa autonomía.

- .O ambiente debe ser estimulante (diversos materiais) e ordenado (estética) e ofrecer distintas posibilidades de acción e de uso.

- .Todos os espazos deben ser sans e seguros, evitando riscos innecesarios.

Tendo en conta estes criterios, a aula de 4º de El, así como 5º e 6º, presentan unha disposición semellante, aínda que adaptada a cada espazo e a cada grupo; todas dispoñen das seguintes ZONAS:

- .Zona de acollida: situada na entrada da aula, dispón de perchas individuais (identificadas coa foto e o nome no nivel de 3 anos), onde cada neno e nena deixa o seu abrigo, mochila e mandilón; así como dunha cesta para depositar o libro emprestado e lido na casa. É un espazo despexado onde a mestra acolle ao alumnado cando chega á aula, ten intercambios informais coas familias o se organiza o grupo á hora de saír; desempeña unha función importante xa que permite manter unha orde nas entradas e saídas e fomenta a autonomía persoal.

- .Recanto da biblioteca: onde se atopan os libros (de imaxes, contos, de consulta...) organizados en andeis, letras e pizarra magnética, letras móbiles para compoñer palabras, puzzles de letras, fotos, ordenadores infantís; materiais esenciais para o desenvolvemento da linguaxe, para realizar actividades relacionadas coa lectura e a escritura e para iniciar o desenvolvemento da competencia dixital.

- .Recanto da lóxica matemática ou dos puzzles: onde se ubican os puzzles, encaixes, ensartables, xogos de mesa, números, instrumentos de medida, bloques lóxicos, regletas, e demais materiais que inviten á manipulación, recoñecemento de atributos e propiedades dos obxectos, clasificación, resolución de problemas...

- .Recanto da plástica: dotado de diversos materiais para pintar (pinces, esponxas, pinturas, ceras, rotuladores...), para modelar (plastilina, moldes, rodetes), para facer colaxe (anacos de tea, papeis de distintas cores e texturas, pegatinas,...). As actividades que se desenvolven neste recanto van dirixidas a fomentar a creatividade e a imaxinación, aínda que se alternan con outras propostas e dirixidas pola mestra.

- .Recanto da casiña: concíbese como un espazo para o xogo simbólico, de representación de papeis de adultos, e nel podemos atopar cociña, cacharriños, bonecos cos seus complementos, banco de carpinteiro, perruquería, tenda e demais materiais que fomenten o intercambio de relacións persoais, a igualdade, o respecto cara aos demais, etc. Algúns destes materiais permanecen fixos durante todo o curso e outros iranse alternando.

- .Recanto das construcións: con diferentes xogos de construción (de plástico, de madeira, de encaixar, de apilar...), animais, coches, garaxe, etc. É un espazo relativamente amplo e despexado, xa que se utiliza tamén como zona para a ASEMBLEA diaria ou reunión en gran grupo; nel podemos atopar bancos suecos para que se sente o alumnado, paneis para as rutinas diarias, encerado, carteis, etc.

Estes son os espazos fixos e permanentes ao longo de todo o curso, en cada aula, e dependendo das necesidades ou da época do ano, pódense organizar outros variables coma o da natureza, o do proxecto que se está a desenvolver en cada momento, etc.

Cada un destes recantos dispón do mobiliario necesario (andeis) para albergar o material que se atopa nel; dito mobiliario está colocado perpendicularmente á parede co obxectivo de conseguir unha separación física consistente entre uns recantos e outros, imitando as distintas estancias dun fogar. Deste xeito cada grupo de 4 ou 5 nenos e nenas pode desenvolver actividades e xogos diferentes, de xeito simultáneo, sen interferir nas actividades e xogos dos demais; á vez que se propicia unha certa intimidade e complicidade, favorecedora das relacións interpersoais entre o alumnado, e entre este e o profesorado. En cada un deles dispoñemos dunha mesa ou mesas de traballo e cadeiras suficientes para sentar aos que elixiron ese recanto e a mestra; esta mesa faise imprescindible á hora da merenda, para xogar con algúns materiais e para realizar actividades en papel tanto a nivel individual coma en pequeno grupo. Tamén se habilitará en cada un destes espazos unha zona para a exposición ou secado de traballos (corda con pinzas...).

Con respecto as demais dependencias do centro que tamén son do noso uso, serán tratadas no apartado de materiais e recursos.

-Organización do tempo:

O tempo é un instrumento importante na acción educativa, polo que a súa distribución terá que ser intencional. A organización do tempo deberá responder as seguintes características:

.a) Flexibilidade: que nos permita adecualo ás características das distintas tarefas o aos ritmos individuais do alumnado. Esta flexibilidade deberá estenderse ademais aos intereses e acontecementos que xurdan no día a día, contemplando a posibilidade de aproveitar situacións e momentos nos que a distribución do tempo non sexa un impedimento para xogar, coñecer, explorar ou sacar conclusións xunto co adulto ou cos compañeiros/as.

.b) Tempo para a interrelación: é moi importante propiciar a relación e comunicación entre todos os membros da escola, por lo que será preciso buscar momentos para elo: nas entradas pola mañá, nos tempos que compartimos os mesmos espazos, en visitas de pequenos grupos a outras clases, en distintas festas,...

.c) Ritmos diarios: coas rutinas diarias, ofrecemos ao alumnado de curta idade, una forma específica de entender o tempo. Axúdalles a concibir o tempo como una secuencia predicible de acontecementos, aportándolles seguridade e estabilidade. Na rutina diaria é necesario que teña cabida a satisfacción de necesidades (alimentación, hixiene, repouso), as actividades específicas (dirixidas, libres, lúdicas, de atención...) e as rutinas como momentos de reflexión e aprendizaxe (encargados, pasar lista, calendario, tempo atmosférico, elección de recanto,...).

Aínda que a distribución horaria da aula vai a estar condicionada polo horario dos especialistas (Relixión, Educación Física, Música e Lingua Inglesa), á hora de organizar os tempos restantes, cada titora deberá buscar o equilibrio entre os definidos por ela mesma (assembleas, conversas, lecturas,...) e outros onde os nenos e nenas poidan organizar libremente a súa actividade a partir de ritmos e necesidades persoais; xa que toda a estancia na escola é tempo educativo, pois precisa da presenza e apoio do adulto, tanto dentro da aula como no patio, tanto en momentos de actividade libre como en momentos de actividade dirixida.

- Asamblea: cunha duración aproximada de 45 minutos, tempo no que se desenvolven as rutinas, as conversas sobre o traballo que se está a desenvolver, as actividades de observación, manipulación ou reflexión previas ao traballo individual ou en pequeno grupo.

- Traballo e xogo nos recantos: tamén cunha duración aproximada de 45 minutos, xa que hai recantos (biblioteca, plástica ou lóxica) nos que o tempo se distribúe entre algunha actividade dirixida e outras de libre elección. Nos recantos unicamente de xogo (casiña e construcións) o alumnado precisa de tempo para organizarse no xogo, xogar e recoller todo o material. Cada neno e nena elixirá un recanto diferente cada día, de xeito que pase por todos ao cabo da semana.

- Aseo e merenda: neste momento as tres aulas contan con baño dentro, cando remata o tempo dos recantos comeza o momento (45 minutos aprox.) de traballar hábitos de hixiene e alimentación, todo o alumnado pasa polo baño para satisfacer as súas necesidades, lavar as mans antes de sentarse a merendar.

Recreo: é o momento do xogo libre no patio; os días que vai mal tempo acudimos ao patio cuberto e a súa duración é de 25 minutos. Nos días en que vai bo tempo, acudimos ao parque infantil e a duración pode prolongarse cun xogo dirixido coa finalidade de dispoñer dun tempo para ir iniciando ao alumnado no manexo dos xogos populares con que conta a Ludoteca.

En 4º de EI o horario é o seguinte: entrada 9:05, saída 13:45 h.

-Interrelación familia-escola

Partimos da base de que, nestas idades, a educación dos rapaces debe ser unha tarefa compartida por pais e docentes, polo que se fai imprescindible unha actuación conxunta en busca dunha mínima coherencia de mensaxes e modelos que os nenos e nenas reciban de ambos medios (fogar e escola). Tamén debemos ter moi presente a importancia que teñen, para o seu desenvolvemento, os primeiros vínculos afectivos que establezamos, tanto con eles coma cos seus medios familiares.

Consideramos que, dende a nosa labor como docentes de EI, debemos facer un esforzo por conseguir un grao

aceptable de implicación e participación das familias na vida escolar que posibilite, desde unha actitude de respecto e apoio, acadar o clima de confianza necesario para o correcto desenvolvemento do proceso de adaptación á escola e para manter unha relación continua e unha actuación conxunta ao longo de toda a etapa.

Ademais de ser promotoras de confianza, faise imprescindible que preveamos e garanticemos os medios suficientes de relación, información e comunicación coas familias. As ocasións nas que traballaremos a relación familia-escola e que nos van servir de canles de comunicación son as seguintes:

-Primeira reunión coas familias (nais, pais, titores legais...): na última semana de xuño convocamos ás familias dos nenos e nenas, que en setembro se incorporarán por primeira vez ao centro, a un primeiro encontro grupal. O obxectivo prioritario da reunión será reflexionar sobre o proceso de adaptación á escola. Exporanse algúns aspectos vivenciais do tema, as pautas organizativas previstas polo centro, os criterios sobre os que foron elaboradas, a súa duración, as recomendacións ao respecto... Tamén se entregará a entrevista inicial, comentarase o que hai que preparar para os primeiros días e aclararanse todas as dúbidas plantexadas polas familias.

-Entrevista inicial: como se acaba de sinalar, entrégaselles aos pais, nais e/ou titores legais de nova incorporación (en xuño). No momento de entregar o cuestionario coméntanse os distintos apartados, logo cada familia cumprímntao na casa para entregalo á mestra titora, a ser posible antes da incorporación do seu fillo ou filla á escola, coa finalidade de que esta dispoña da información antes de acoller ao alumnado na aula.

-Reunións de nivel ou de titoría: realízase cada titora co grupo de pais, nais e/ou titores legais do seu nivel; convocaranse dúas ou tres ao longo de cada curso académico. A primeira terá lugar a principios de setembro, antes do inicio das actividades lectivas, nela expóranse as normas de funcionamento, merendas, organización e enfoque do novo curso. Sempre que sexa necesario, convocarase unha segunda reunión polo medio do curso para facer un seguimento da marcha do grupo. A finais de maio ou principios de xuño, terá lugar a última reunión de nivel, nela farase balance do curso, comentarase coas familias todo o relacionado coa saída de fin de curso e daranse unhas orientacións de cara ás vacacións estivais.

-Reunións propostas a partir de actividades que plantexa a titora ou titor, o ciclo (proxecto de traballo, saída do grupo, solicitude de colaboración,...) ou o centro (celebración de conmemoracións ou festas nas que participen as familias).

-Relacións espontáneas: son aquelas que se establecen ás entradas e saídas, para comentar aspectos moi concretos e sen planificación previa.

-Entrevistas por un motivo concreto: poden ser solicitadas polos pais, nais e/ou titores legais ou polo titor/a; normalmente planifícanse no tempo de titoría (martes de 16:00 a 17:00), pero poden darse en calquera outro momento. Teñen como finalidade o intercambio de información por ámbalas dúas partes: por parte do docente á familia, para informalos da actitude do neno ou nena con respecto ás actividades que se realizan na aula, as súas relacións, dos problemas que xurdan, etc.; por parte da familia ao titor/a, sobre o desenvolvemento evolutivo e emocional do neno, da súa actitude na casa, se hai algunha necesidade especial que debe atenderse...

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
-Elementos naturais da contorna proporcionados polo parque do centro educativo: follas, landras, paos...
-Material funxible: convencionais e non convencionais.
-Material visual: carteis, láminas...
-Material artístico: pinturas, plastilina, refugallo...
-Material de xogo simbólico.
-Material lóxico-matemático.
-Biblioteca de aula: contos, libros, peluches...
-Biblioteca de centro: contos, títeres, teatro...

-Ferramentas tecnolóxicas: ordenador de aula, tablet aula, conexión a internet...
-Material de psicomotricidade: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, aros...
-Instrumentos musicais.
-Comunidade educativa: familias e persoal docente e non docente.
-Xogos e elementos do Museo do Xogo Popular do colexio e da Ludoteca.

-Materiais:

Para a posta en práctica desta programación docente contaremos principalmente con materiais da vida cotiá e con material impreso elaborado pola titora, xa que no noso centro non se empregan as propostas das distintas editoriais de xeito sistemático.

En definitiva, tratamos de utilizar o maior número posible de elementos do medio natural e sociocultural que contribúan a crear un ambiente significativo, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar, e de axudar a comprender como funciona a realidade na que viven inmersos.

-Recursos ambientais:

O colexio conta cun Museo do Xogo Popular, froito dun Programa Europeo que tiña como finalidade a recuperación do xogo popular, e que proporcionou unha nova e fermosa identidade ao noso centro. Atópase ubicado no corredor da planta baixa, xunto coas tres aulas de EI e outras dependencias do centro.

Consideramos que, nesta etapa, o xogo é fundamental e imprescindible para a aprendizaxe e socialización dos rapaces. Tanto o museo, cos seus carteis, xogos, brinquedos..., como a Ludoteca, con xogos tradicionais dos que o alumnado pode desfrutar nos recreos, en actividades organizadas, son dous recursos moi valiosos, xa que propician o desenvolvemento de diversas COMPETENCIAS clave.

O centro tamén conta con outras dependencias e recursos que son de uso habitual do alumnado de EI e ás que acudimos con regularidade:

- .Salón de usos múltiples: sêrvenos como ximnasio nos días fríos e chuviosos do inverno, e como lugar de representación de actividades de todos os niveis (festas, conmemoracións...), xa que está dotado de escenario.
- .Biblioteca do centro: dende que nos concederon o Plan de Mellora de Bibliotecas escolares (ano 2008) , todo o alumnado desta etapa acude semanalmente, por grupos e acompañado da profesora de apoio, para facer o empréstimo e levar á casa libros de imaxes, contos, poesía, informativos... que se atopan clasificados e etiquetados por cores segundo o tipo de libro e segundo a idade á que van dirixidos. Neste espazo tamén se levan a cabo as actividades de formación de usuarios e usuarias da biblioteca.
- .Aula de música: dotada de equipos musicais e instrumentos, é onde reciben a clase semanal de educación musical.

Fóra do edificio, contamos cos seguintes espazos exteriores aos que acude o alumnado:

- .Polideportivo: utilizado como ximnasio cando vai bo tempo; é un espazo moi grande, dotado de gradas, aseos, almacén de material... A el tamén acudimos o día da Festa do Deporte (fin de curso) para ver algún partido, a entrega de premios, etc.
- .Patio cuberto: situado á esquerda da entrada principal; non é moi grande pero suficiente para que o alumnado de Infantil disfrute do recreo cando vai mal tempo. Dado que é un espazo baleiro, e para promover o xogo motriz no alumnado de 4º de EI, no tempo de recreo dotámolo de arrastres, carros, carretillas, motos... Tamén contamos con xogos de construción (pezas grandes) e o xogo da oca para fomentar o desenvolvemento de xogos máis tranquilos nun espazo a distinto nivel e favorecer así a incorporación do alumnado de 4º de EI ao patio.
- .Parque infantil: situado entre o edificio principal e o pavillón; conta cunha zona de xogos infantís con chan de caucho, zona de cemento e zona de céspede e árbores. Acudimos a el durante o recreo nos días de bo tempo; aquí teñen a posibilidade de combinar as actividades movidas con outras máis tranquilas de observación, manipulación e experimentación da natureza (plantas, animais, terra, sol...)

Estamos convencidas de que estes espazos favorecen o proceso de aprendizaxe en aspectos como: o desenvolvemento do xogo espontáneo e psicomotor, o establecemento de relacións co grupo de iguais e cos nenos e nenas de outros niveis, a comunicación con outros rapaces e rapazas e con adultos distintos da titora...

-Recursos humanos:

Ademais das tres profesoras titoras e da profesora de apoio, no segundo ciclo de EI tamén desempeñan a súa labor docente o seguinte PROFESORADO ESPECIALISTA:

- .Profesora de Lingua inglesa: unha sesión semanal de 50 minutos en cada nivel.

- .Profesor de Educación Musical: unha sesión semanal de 50 minutos en cada nivel.
- .Profesor de Educación Física: unha sesión semanal de 50 minutos en cada nivel.
- .Profesora de Relixión Católica: unha sesión semanal de 50 minutos en cada nivel.
- .Profesora de Relixión Evanxélica: unha sesión semanal de 50 minutos en cada nivel.

Sempre que as necesidades educativas do alumnado o requiran, as profesoras titoras contan en todo momento coa colaboración do DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN que, no noso centro, está constituído por:

- Unha Orientadora a media xornada, con sede noutro centro.
- Unha profesora de Pedagogía Terapéutica a tempo completo no centro e unha mestra de PT provisional de atención preferente.
- Unha profesora de Audición e Linguaxe provisional a tempo completo.

No centro tamén contamos con coidadora/s, que atenden a un ou varios nenos e nenas que lle son asignados en función das súas necesidades. Na aula de 4º de EI, de momento, non se presentan casos que precisen da súa participación.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Partindo do estipulado na Orde do 30 de maio de 2023, pola que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesta etapa educativa, concebimos a avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe como un procedemento global, xa que estará referido ao conxunto das capacidades expresadas nos obxectivos; sistemático, é dicir, tendente a facer desaparecer improvisacións e concretar as fontes de información e instrumentos de observación; continuo, ou sexa, que se emprega a diario como elemento inseparable do proceso educativo, que posibilita a recollida de datos e a posterior análise destes, con vistas a adecuar os distintos elementos do proceso; e formativo, en tanto que supón a revisión de todas as variables do proceso, coa finalidade de mellorar os resultados da intervención educativa a través da análise e valoración das aprendizaxes e do desenvolvemento do alumnado.

A AVALIACIÓN INICIAL ou análise da situación de partida é a recollida de información sobre o momento concreto en que se atopa cada neno e nena cando chega ao centro, en todos os aspectos posibles (evolutivos, de aprendizaxe, sociais...). O equipo docente do grupo realizará unha sesión de avaliación inicial para analizar os datos e a información relevante de que se dispoña, coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada área ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe. Nesta sesión adoptaranse, de forma coordinada, aquelas medidas de apoio e reforzo que se consideren oportunas.

Esta avaliación realizarémola a través de:

-.ENTREVISTA INICIAL: pretendemos con ela recoller a información de forma clara e precisa sobre aspectos, como a historia persoal e a vida cotiá: desenvolvemento motor e da linguaxe, datos sanitarios, hábitos, preferencias, costumes, relacións..., é dicir, todos aqueles datos consignados pola familia, que nos axuden a avaliar as características do alumnado co que imos traballar, así como, as súas experiencias anteriores á escolarización.

-.OBSERVACIÓN DIRECTA: é a realizada pola profesora titora, dende que o neno e nena chega ao centro e durante todo o seu período de adaptación. É de gran valor, pois observamos por nós mesmas como se manifesta cada neno e nena, como se relaciona cos adultos, cos iguais, cos obxectos, cos espazos, que estratexias ten para a súa adaptación, as situacións que lle resultan problemáticas, os seus coñecementos previos.

Todos os datos desta avaliación inicial recollerémolos nun REXISTRO, co fin de poder consultalo sempre que sexa preciso e usalo como referencia para a introdución da avaliación inicial en XADE.

Ademáis desta avaliación inicial, ao longo do curso realizaranse tres sesións de avaliación parciais, sendo a derradeira destas sesións a que coincida coa avaliación final.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución de criterios para cada materia segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación (sen dificultade, en proceso, con dificultade) de forma que o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado pola mestra.

Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

O principio de individualización conleva o tratamento da diversidade. Tal e como aparece reflectido no PEC, a DIVERSIDADE no alumnado pode estar motivada por diferenzas psicofísicas ou por diferenzas culturais.

Consideramos que o carácter preventivo é básico nesta etapa infantil, tanto a detección precoz coma a posterior atención temperá, proporcionarán as respostas educativas precisas para o alumnado con neae, co obxecto de que alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional que evitará, nalgúns casos, permanencias no ciclo na etapa de Educación Primaria. É por esta razón que se fai imprescindible unha estreita colaboración entre os membros do departamento de orientación e a titora.

No caso de DIFERENZAS PSICOFÍSICAS, a intervención por parte da profesora titora concretarase nas seguintes medidas:

.Plantexamento de actividades abertas para que cada alumno ou alumna as resolva segundo as súas propias capacidades (inferiores ou superiores á media), a súa evolución individual e o seu ritmo de traballo.

.Prestación, por parte da titora, dos apoios individuais que cada neno e nena precise para realizar as actividades que se encomenden ao grupo no que está integrado/a e nas áreas pertinentes. Os momentos máis propicios para prestar estes apoios son: asembleas (animando á participación), nos recantos (aproveitando o contacto directo) e nos xogos.

.Adaptación do nivel de esixencia ás posibilidades individuais de cada quen. Primará a valoración dos avances no proceso de aprendizaxe sobre a valoración dos resultados acadados.

Se estas actuacións por parte da profesora titora non fosen suficientes para atender as diferenzas psicofísicas, solicitarase a intervención do Departamento de Orientación, para que o orientador/a valore cada caso e estableza as medidas que se consideren necesarias para conseguir o desenvolvemento e a total integración dos escolares do centro. En función da valoración emitida polo Departamento de Orientación e, dependendo das necesidades educativas de cada neno ou nena, a profesora titora poderá contar coa colaboración da profesora especialista en Pedagogía Terapéutica que prestará apoio dentro da aula ou da profesora especialista en Audición e Linguaxe que desempeñará un traballo máis específico en sesións curtas fóra da aula.

No caso de DIFERENZAS CULTURALS, a titora do grupo no que se integren nenos e nenas procedentes doutras zonas fomentará:

.O desenvolvemento de diferentes proxectos de traballo nos que se tratará de abordar o coñecemento das culturas de procedencia, contando para elo coa colaboración das familias. Con esta actuación preténdese que o grupo se enriqueza e teña coñecemento de toda a diversidade en canto a costumes, linguas, crenzas... que nel coexisten.

.O respecto por outras culturas de xeito que os seus membros (en minoría no grupo) sintan que están facendo aportacións moi importantes a toda a clase ao tempo que son respectados e acollidos.

Polo que respecta ás necesidades educativas especiais da aula, polo de agora só podemos comentar que un alumno está nun proceso de valoración para detectar unha posible neae. Hai que ter en conta que o alumnado de 4º de EI acaba de incorporarse e pode haber certas necesidades que, de momento, non podemos coñecer (por exemplo a nivel de linguaxe). Así que a observación e colaboración estreita tanto coas familias como co DO será fundamental ao longo de todo o curso.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional	X	X	
ET.2 - Hábitos de control corporal	X	X	
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social.	X	X	X
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos.			X
ET.5 - Educación para o consumo responsable.			X
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos.		X	

Observacións:

Tal e como se recolle no Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, é moi importante e ponse en valor que na etapa de EI se traballen unha serie de elementos transversais.

Atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, á xestión emocional, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, e ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento da contorna e dos seres vivos que viven nela. Empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas, educando en valores.

Así mesmo, incluíranse a educación para o consumo responsable e sustentable, fomentando uns hábitos saudables.

Ademais, favorecerase que os nenos e nenas adquiren autonomía persoal e elaboren unha imaxe de sí mesmos positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios, incluíndo o coñecemento da diversidade familiar existente.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita no centro	No 1º trimestre nos visitará un escritor/a para celebrar o Día das Bibliotecas escolares. No 2º trimestre contaremos coa visita dun ou dunha deportista.	X	X	
Saída de campo	No 2º trimestre visitaremos un museo da contorna.		X	
Contacontos	No 3º trimestre realizaremos unha saída á Afundación para disfrutar dunha obra de teatro.			X
Saídas	No 3º trimestre realizaremos unha visita das tres aulas de Educación Infantil a unha granxa.			X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións e festas	Ao longo do curso participaremos en distintas celebracións: Día das Bibliotecas escolares, Magosto, Samaín, Día do Peón, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas, Día do Deporte,...	X	X	X

Observacións:

No 1º trimestre, 4º de EI non realiza ningunha saída xa que aínda non teñen a suficiente autonomía, seguridade e madurez, pero si recibimos a visita no centro dun escritor ou escritora relevante da contorna.

No 2º trimestre, visitaremos un museo da contorna.

No 3º trimestre, acudiremos a unha sesión de contacontos no salón de actos de Afundación (Ferrol) e visitaremos unha granxa (saída conxunta das tres clases de EI do centro).

Ao longo dos tres trimestres participaremos en todas as conmemoracións propostas, polo equipo de Biblioteca, equipo de Dinamización da LG, polo Claustro, ANPA...

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
-Deseño das actividades adecuadas ao alumnado.
Elementos curriculares presentes nas actividades.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades.
Metodoloxía empregada
Utilízase diversidade de materiais para acceder á información, para expresarse e para fomentar a motivación.
Temporalización de actividades adecuadas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Empréganse diversos recursos didácticos.
Medidas de atención á diversidade
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades.
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
Individualización do proceso segundo as características de cada alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe coordinación co equipo docente.

Outros
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados.
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe

Descrición:

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso de ensinanza e así poder modificalo e melloralo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación se valorará a través da realización dunha rúbrica na que se puntuarán os indicadores citados anteriormente. Habrá un seguimento ao rematar cada trimestre.

9. Outros apartados